

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

ANUNCIO

DECLARAR DESERTA A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABALLO DE XEFATURA DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 47083/220.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de febreiro do 2026, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Declarar deserta a convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo (posto de traballo código 2130102 da vixente relación de postos de traballo) en atención á motivación exposta no informe-proposta que antecede.

SEGUNDO.- Instar a realización das actuacións que se indican no informe da instrución do expediente de data de sinatura electrónica 28/01/2026 emitido no expediente, en garantía do debido cumprimento normativo nos procesos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Ordear a publicación do presente acordo na forma establecida na normativa vixente.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do Contencioso-Administrativo que resulten competentes, no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

MDG/to

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 25/09/2025 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/11/2025).- Patricia Rodríguez Calviño



Copia do documento - Concello de Vigo
260036768

Data impresión: 17/02/2026 08:20 Páxina 1 de 1
CSV: A1B9A1-B488D6-A54A8B-K548HG-X1B7KV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>